

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 11.07.2025 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de xullo de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 27481 (12/CPC-000089)
Da directora xeral de Xuventude, por petición propia, para informar sobre a Acción de verán 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211f2, do 18.06.2025

Punto 2. Preguntas

- 2.1 6555 (12/POC-004512)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Queixas Zas, Mercedes
Sobre a situación, no referido á súa propiedade, do conxunto que forman o pazo e a torre de Guimarei, na Estrada, e as perspectivas que ten a Xunta de Galicia respecto da súa adquisición e posterior rehabilitación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f2, do 10.07.2024
Publicación recualificación, BOPG n.º 217f2, do 03.07.2025
- 2.2 16385 (12/POC-002677)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre o balance dos dez anos de vixencia do proxecto e-Dixgal e as eventuais modificacións ou readaptacións que a Xunta de Galicia prevé levar a cabo neste programa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140f3, do 16.01.2025
- 2.3 20013 (12/POC-004511)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a eventual declaración do conxunto termal da illa da Toxa como ben de interese cultural e a protección de todos os elementos que o conforman
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 160, do 20.02.2025
Publicación recualificación, BOPG n.º 217f2, do 03.07.2025
- 2.4 24976 (12/POC-004483)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago
Sobre a situación do patrimonio arquitectónico da Ribeira Sacra, e concretamente



a da torre de Arcos e a do pazo de Suatorre, en Chantada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 198, do 15.05.2025
Publicación recualificación, BOPG n.º 214f3, do 25.06.2025

- 2.5 25306 (12/POC-004482)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina
Sobre a postura da Xunta de Galicia canto á posibilidade de establecer un sistema de gratuidade dos libros de texto en todas as etapas educativas obrigatorias e á mellora do proxecto educativo E-Dixgal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 201, do 21.05.2025
Publicación recualificación, BOPG n.º 214f3, do 25.06.2025
- 2.6 27969 (12/POC-004499)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a situación en que se atopa o expediente para declarar o Globo de San Roque de Betanzos como ben de interese cultural
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 217f2, do 03.07.2025
- 2.7 28054 (12/POC-004507)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego verbo da dotación dos CEIP O Piñeirño, Rubiáns e A Lomba, de Vilagarcía de Arousa, no referido aos cadros docentes, ao persoal de apoio e á organización escolar
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 217f2, do 03.07.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2025

**Rubén
Lorenzo
Gómez**

Firmado digitalmente por
Rubén Lorenzo Gómez
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=Rubén Lorenzo
Gómez,
email=ruben.lorenzo.gom
ez@parlamentodegalicia.e
s
Fecha: 2025.07.08
14:19:56 +02'00'

Rubén Lorenzo Gómez
Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/07/2025 14:19:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 08/07/2025 14:55:25
Nº Rexistro: 7983
Data envío: 08/07/2025 14:55:25.231

CSV: REXPG-wGjqy3oYF-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/07/2025 14:55:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 08/07/2025 14:55:25
Nº Rexistro: 7983
Data envío: 08/07/2025 14:55:25.231

CSV: REXPG-wGjqy3oYF-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Rubén Lorenzo Gómez

P

Vicepresidenta

María Felisa Rodríguez Carrera

P

Secretario

Daniel Castro García

BNG

Vogais

Julio Ernesto Abalde Alonso

S

Victor Manuel Baladrón Lamas

P

María Cristina Fernández Davila

BNG

Secundino Fernández Fernández

BNG

José Luis Ferro Iglesias

P

Julio García Comesaña

P

Patricia García González

P

Silvia Longueira Castro

S

Armando Ojea Bouzo

M

Carmen María Pomar Tojo

P

Mercedes Queixas Zas

BNG

Raúl Santamaría González

P

Iria Taibo Corsanego

BNG

Cecilia Vázquez Suárez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 27481(12/CPC-000089)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Xuventude, por petición propia, para
informar sobre a Acción de verán 2025

Publicación da iniciativa, 211f2, 18.06.2025

Asunto: Solicitud de comparencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- da directora xeral de Xuventude, para informar sobre **a Acción de verán 2025**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 4ª, Educación e Cultura



Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
16/06/2025 14:42:01

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 14:42:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27481
Data envío: 16/06/2025 14:42:03.495

CSV REXPO-34NPNvTK-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 6555(12/POC-004512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación, no referido á súa propiedade, do conxunto que forman o pazo e a torre de Guimarei, na Estrada, e as perspectivas que ten a Xunta de Galicia respecto da súa adquisición e posterior rehabilitación

Publicación da iniciativa, 49f2, 10.07.2024

Publicación recualificación, 217f2, 03.07.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:33:58
Nº Rexistro: 6555
Data envío: 02/07/2024 13:33:58,387

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a Torre de Guimarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Torre de Guimarei, que se atopa no concello de A Estrada, é un emblema para os veciños, chegando incluso a formar parte do escudo da localidade. Trátase dun monumento que se ergue 10 metros sobre o chan aínda que no seu momento acadaba os 15 metros de altura, cunha planta cadrada con muros grosos rematados nunhas aspilleras, pegado a un pazo de construción posterior.

A orixe da propia torre remóntase á época medieval, ao século XII, e segundo a historia é o único que se conserva dun castelo que foi derruído nas Revoltas Irmandiñas do século XV.

A declaración da Torre de Guimarei como BIC (Ben de Interese Cultural) non a libra do deterioro e esquecemento por parte da administración, que non se interesa nin sequera por facer a limpeza das malas herbas que a arrodean e cobren grande parte da construción e do pazo que ten a carón, xa que ambos os dous están nun total estado de abandono, cun claro risco de derrubamento pola inacción dos membros de goberno e por extensión, da Consellería de Cultura.

A pesares de que para a veciñanza de A Estrada é un símbolo propio, a realidade é que a Torre foi adquirida por un particular no 1999 e, aínda que o caso chegou ata o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no 2002 e posteriormente no 2007 o Tribunal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:33:58
Nº Rexistro: 6555
Data envío: 02/07/2024 13:33:58.387

Supremo, cun resultado favorable para a administración local que reclamaba o dereito de retracto, o caso caeu nun silencio e falla de acción política que favorece o deterioro deste símbolo estradense.

Dende o BNG da localidade presentáronse emendas aos presupostos da Xunta de Galiza para a posta en valor e posterior desfrute do monumento, tanto da Torre coma do pazo contiguo, coa recuperación deste patrimonio para desfrute público de todos aqueles que desexen visitala. Tal é o abandono desta propiedade actualmente privada que figura na “Lista Roja de Hispania Nostra”, onde se mostra unha relación de elementos do patrimonio cultural que se atopan en risco de desaparición, destrución ou alteración esencial dos seus valores, coma unha chamada de atención sobre eles e sobre as accións que deberían provir das administracións para a súa conservación.

A pesares de que na páxina de turismo da Xunta de Galiza aparece que está en estado de rehabilitación e recuperación, tras entrar dentro das promesas electorais municipais do partido do goberno, o certo é que a Torre continúa no estado de deterioro que a leva acompañando todos estes anos tras algúns contactos estériles cos propietarios como único avance cara o prometido.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. En que estado de propiedade se atopa actualmente a Torre de Guimarei e o pazo contiguo?

. Cales foron os avances acadados por parte da administración con respecto á adquisición da Torre de Guimarei dende a promesa electoral do 2023 de xestionar a súa adquisición?



CSV REXISTRO: R01zxChOWDg-8

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:33:58
Nº Rexistro: 6555
Data envío: 02/07/2024 13:33:58.387

. Vai tomar medidas a Xunta de Galiza para poñer a disposición dos visitantes a Torre de Guimarei para o seu desfrute público como indica a lei no caso dos BIC?

. Cales son os prazos que estima a Xunta de Galiza para a adquisición e posterior rehabilitación da Torre de Guimarei?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/07/2024 13:27:22

Mercedes Queixas Zas na data 02/07/2024 13:27:27

CSV REXISTRO: zXChOWDg-8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 11:48:31
Nº Rexistro: 27877
Data envío: 25/06/2025 11:48:31,958

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas, deputada dos **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita número de expediente **6555 (12/PRE-000685)**, **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 4ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 25/06/2025 ás
11:48
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 25/06/2025 ás
11:48
Por Ariadna Fernández González

CSV: REVPG-BuyXYGcl-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/06/2025 11:48:03

Mercedes Queixas Zas na data 25/06/2025 11:48:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 11:48:31
Nº Rexistro: 27877
Data envío: 25/06/2025 11:48:31.958

CSV REXPO-dBuyYGcd9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 11:48:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 11:48:31
Nº Rexistro: 27877
Data envío: 25/06/2025 11:48:31.958

CSV REXPO-dBuyYGcd9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 16385(12/POC-002677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o balance dos dez anos de vixencia do proxecto e-Dixgal e as eventuais modificacións ou readaptacións que a Xunta de Galicia prevé levar a cabo neste programa

Publicación da iniciativa, 140f3, 16.01.2025



**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16385
Data envío: 08/01/2025 16:26:36.828

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No ano 2010 nace o proxecto Abalar co fin de plasmar a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia, iniciando en aquel momento pola dotación de equipos informáticos para ser utilizados nas aulas dos centros.

Co tempo, no programa intégranse todas as iniciativas de integración da dixitalización no ámbito educativo, xuntando os esforzos para a modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal de promoción das TIC en todos os sectores de actividade educativa e da sociedade.

A estratexia do proxecto Abalar xira en torno ao concepto da creación do centro educativo dixital, con recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa, é dicir todos os ámbitos do proceso educativo.

En palabras da propia Consellería, o proxecto Abalar busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e na modernización do ensino coa conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.

No curso 2014-2015, como consecuencia dos resultados dos primeiros anos do proxecto Abalar, nace o proxecto E-Dixgal, que trata de ofrecer unha educación

CSM-REXISTRO-p2v4SH4H-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16385
Data envío: 08/01/2025 16:26:36.828

con recursos dixitais tanto en Educación Primaria como en Educación Secundaria Obrigatoria.

Os centros educativos, alumnado, profesorado e familias que participan neste programa deberían dispoñer de Aulas dixitalizadas, equipamento de uso persoal para alumnado e profesorado, entorno virtual de aprendizaxe, sistemas de seguridade e protección do usuario, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración, soporte e asistencia técnica que lles permitiría dispoñer dun entorno seguro para o ensino dixital.

No curso 2023/2024 acadase o máximo de usuarios do E-Dixgal, con máis de 64.500 estudantes e 630 centros incorporados. Pero no curso seguinte prodúcese o maior número de centros que renuncian ao proxecto que son máis que os que se incorporan producíndose unha redución de centros. Dende a posta en marcha de E-Dixgal xa son 44 os centros que renunciaron ao programa e último curso son 23 os centros que se dan de baixa en medio de dúbidas do profesorado e dos pais e nais, co que o número de centros descende ata os 613 centros participantes na actualidade.

As propias asociación de Nais e Pais galegas realizaron enquisas entre os usuarios que expresan a opinión maioritaria de estar de acordo coa dixitalización e uso das TIC no ensino pero non de como se realiza a través do programa E-Dixgal, cumpre por tanto facer unha reflexión e revisión do programa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que avaliación fai a Consellería dos 10 anos de vixencia do E-Dixgal?



CSV REXISTRO pzv4ShatH-6

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16385
Data envío: 08/01/2025 16:26:36.828

2. Que modificación ou adaptacións ten prevista realizar a Consellería para evitar o descenso de centros adheridos ao programa E-Dixgal?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 08/01/2025 16:22:19

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2025 16:22:27



CSV REXISTRO-pzv4Shah-6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 20013(12/POC-004511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a eventual declaración do conxunto termal da illa da Toxa como ben de interese cultural e a protección de todos os elementos que o conforman

Publicación da iniciativa, 160, 20.02.2025

Publicación recualificación, 217f2, 03.07.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 10:23:19
Nº Rexistro: 20013
Data envío: 13/02/2025 10:23:19,286

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para declarar BIC, Ben de Interese Cultural o conxunto termal situado na illa de A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As augas termais da illa de A Toxa, situada no concello de Ogrobe, deron lugar a unha historia balnearia, desde inicios do século XX, coñecida a nivel internacional.

Arredor desta actividade desenvolveuse un complexo termal de edificios e elementos formando un conxunto patrimonial composto por:

- Gran Hotel Balneario, que segundo o que recolle o arquitecto José Luis Paulo Campos na súa tese “Arquitectura e Patrimonio da elite en Arousa”, foi construído entre 1905 e 1907 polo arquitecto ourensán Daniel Vázquez-Gulías. Nel usouse por primeira vez en Galiza a estrutura de formigón armado para un edificio destas características, o que, segundo o mesmo, desde un punto de vista técnico e urbanístico, no contexto da arquitectura galega, é un elemento singular, único e necesariamente a protexer cunha protección integral

- A Capela, construída polo mesmo arquitecto, inaugurada en 1909, e recuberta de cunchas de vieira nos anos corenta, o que a fai única.

- O Balneario de de pedra de 1928.

- Os restos da antiga fábrica de xabóns.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 10:23:19
Nº Rexistro: 20013
Data envío: 13/02/2025 10:23:19.286

- Chalés de 1922 e 1930, situados ao oeste do Gran Hotel Balnearios.
- Vasos da balaustrada, xardíns..

Este conxunto termal é unha estrutura física representativa dunha comunidade que evolucionou social e economicamente ao seu redor, único e indisolúbel. O conxunto conserva valor histórico, como testemuño da época balnearia que se desenvolveu a principio do século XX, valores e singularidades a nivel arquitectónico e construtivo que fan preciso que se realicen todas as actuacións para a súa protección e preservación.

Mais a realidade é que toda a documentación histórica que avala o seu valor, está sendo ignorada na tramitación do PXOM do concello de Ogrobe, e na vez manter o nivel de Protección Integral do que gozaba, rebaixase a protección ambiental.

O Bloque Nacionalista Galego considera que non hai ningunha xustificación para rebaixar a protección, senón que hai que aumentar a mesma, xa que o conxunto contén valores culturais e históricos suficientes para declaralo Ben de Interese Cultural, BIC, como xa ten demandado a Asociación Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías.

De conformidade coa Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galiza que no artigo 10.1.g) Conxunto histórico: a agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo por interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: REXPG-VDDOZLW4-6

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2025 10:23:19
Nº Rexistro: 20013
Data envío: 13/02/2025 10:23:19.286

Considera o Goberno galego que Galiza pode seguir perdendo patrimonio, por falta de impulsar medidas de protección do mesmo?

Que acción vai realizar o Goberno galego para preservar o conxunto patrimonial existente na Illa da Toxa, no concello de Ogrobe, formado polo Gran Hotel Balneario, a Capela, o Balneario de 1928, os restos da antiga fábrica de xabóns, os vasos da balaustrada, xardíns...?

Vai aprobar a rebaixa de protección deste conxunto, de protección integral a ambiental, como se pretende no PXOM do concello de Ogrobe?

Cal é a xustificación para non ter atendendo a petición presentada pola Asociación Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías para a declaración de Ben de Interese Cultural BIC?

Vai tomar a Xunta a iniciativa para declarar este conxunto BIC?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2025 10:19:36

CSV REXPC-VDDU2LW4-6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 13:04:50
Nº Rexistro: 27840
Data envío: 24/06/2025 13:04:50.907

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita número de expediente **20013 (12/PRE-005822)**, **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 4ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: DEVPG-abEM5JR-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 24/06/2025 ás
13:04
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/06/2025 13:04:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 13:04:50
Nº Rexistro: 27840
Data envío: 24/06/2025 13:04:50.907

CSV REXPO-e5E1Mb5jR-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 13:04:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 13:04:50
Nº Rexistro: 27840
Data envío: 24/06/2025 13:04:50.907

CSV REXPO-e5E1Mb5jR-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 24976(12/POC-004483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a situación do patrimonio arquitectónico da Ribeira Sacra, e concretamente a da torre de Arcos e a do pazo de Suatorre, en Chantada

Publicación da iniciativa, 198, 15.05.2025

Publicación recualificación, 214f3, 25.06.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 13:00:21
Nº Rexistro: 24976
Data envío: 06/05/2025 13:00:21.822

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación de abandono e deterioro da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre (concello de Chantada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia chantadesa de Arcos encóntranse dous elementos arquitectónicos de elevadísimo valor patrimonial que na actualidade se encontran nun estado de conservación deplorable. Trátase da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre, edificios históricos que entraron na lista vermella de patrimonio que se encontra en perigo elaborada pola asociación Hispania Nostra. Dous casos máis de patrimonio desleixado na Ribeira Sacra que se unen a outros moitos casos como o do Pazo de Vilar (Taboada), a Casa de Torno (O Saviñao) ou o Convento de San Salvador de Asma tamén no concello de Chantada.

De acordo coa Asociación Hispania Nostra, a Torre de Arcos e o Pazo de Suatorre (situados a pouca distancia un do outro), están “ameazados por un risco grave de destrución, desaparición ou perda irreversible dos seus valores patrimoniais”. Algo especialmente grave tendo en conta que ambas as edificacións son Ben de Interese Cultural (BIC) e que por tanto son suxeitos de protección especial por parte da Xunta de Galiza. Ademais cóstanos ao Grupo Parlamentar do BNG que se teñen realizado xestións e peticións desatendidas polo goberno galego para conseguir axudas para a restauración dos edificios.

CSM-REXPG-XBQeWdR-8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 13:00:21
Nº Rexistro: 24976
Data envío: 06/05/2025 13:00:21.822

A Torre de Arcos que data do século XIII e o Pazo de Suatorre do século XVII son dúas verdadeiras xoias do sur de Lugo e da Ribeira Sacra, territorio que aspira a ser nomeado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Non comprendemos por tanto a estratexia da Xunta de Galiza no que ten a ver coa protección do Patrimonio presente nos concellos que conforman a propia Ribeira Sacra. Non ten explicación a ollos do BNG como se pode presentar e defender unha candidatura a Patrimonio da Humanidade sen ter realizado previamente un esforzo importante no relativo á protección e conservación de edificios históricos, xa que son estes un elemento fundamental da perfilación do territorio da Ribeira Sacra ao longo dos anos, un elemento que como se vén demostrando está abandonado por parte do Goberno galego.

É por estes motivos que exiximos á Xunta de Galiza que actúe canto antes para pór remedio a unha situación de desleixo que non debe nin pode ser aceptada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que opinión ten a Xunta de Galiza do estado de conservación da Torre de Arcos e do Pazo de Suatorre?
- Por que non actuou o goberno galego á hora de protexer estes dous edificios cando contan coa distinción de BIC?
- Ten pensado a Xunta facer algo para protexer estes edificios?
- Como defenderá a Xunta de Galiza a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade cando ten decenas de exemplos de abandono de patrimonio arquitectónico espalladas por todo o territorio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 13:00:21
Nº Rexistro: 24976
Data envío: 06/05/2025 13:00:21.822

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/05/2025 12:58:15

CSV REXPC-XB0gplw6R-8
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 13:29:57
Nº Rexistro: 27708
Data envío: 19/06/2025 13:29:57,206

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita número de expediente **24976 (12/PRE-006909)**, **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 4ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REVPG-mgQsyKq-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 19/06/2025 ás
13:29
Por Iago Suárez Fernández

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 19/06/2025 13:29:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 13:29:57
Nº Rexistro: 27708
Data envío: 19/06/2025 13:29:57.206

CSV REXISTRO-XERAL-ENTRADA
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 13:29:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 13:29:57
Nº Rexistro: 27708
Data envío: 19/06/2025 13:29:57.206



CSV REXPO-mgQsyKq-0
Validador:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 25306(12/POC-004482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre a postura da Xunta de Galicia canto á posibilidade de establecer un sistema de gratuidade dos libros de texto en todas as etapas educativas obrigatorias e á mellora do proxecto educativo E-Dixgal

Publicación da iniciativa, 201, 21.05.2025

Publicación recualificación, 214f3, 25.06.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 10:57:32
Nº Rexistro: 25306
Data envío: 12/05/2025 10:57:32,968

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o anuncio do Presidente da Xunta de Galiza de desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de abril, no Debate do Estado da Nación, o Presidente da Xunta de Galiza, o Sr. Rueda, anunciou unha batería de medidas entre as que se atopaba a desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto ata un máximo de 105 euros por alumno.

Unha medida que consiste nun desconto no IRPF equivalente ao 15% do gasto en libros de texto e material escolar e que entrará en vigor na vindeira declaración que se faga no 2026.

Polo tanto en setembro deste ano, as familias con ata 10.000 € de renda por persoa da unidade familiar poderán optar ás axudas para libros e para material que convoca anualmente a Consellería de Educación, ampliando agora as rendas entre os 10.000 e 30.000 € para desgravar o 15% do importe gastado no material educativo a comezo de curso.

Nas iniciativas sobre o sistema de axudas de libros de texto rexistradas polo BNG nos últimos anos, poñíase de manifesto a situación de crise económica pola que atravesaban as familias galegas para enfrontar cada inicio de curso e a súa incapacidade, cada vez maior, de asumir o custo do material educativo en cada curso escolar.

CSM-REXPG-MxesPPQ-7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 10:57:32
Nº Rexistro: 25306
Data envío: 12/05/2025 10:57:32.968

A situación non ten mellorado en todo este tempo e o sistema de axudas, e agora de desgravación no momento da Declaración da Renda no seguinte ano en que se produciu o gasto en material, non alivia en nada o desembolso que as familias deben facer nun momento puntual e na súa totalidade.

Por outra parte, se temos en conta os trámites burocráticos, tanto para solicitar as axudas, como para a cumprimentación da Declaración de IRPF, para moitas familias é un escollo importante, así como o é principalmente para o centro (dirección e persoal administrativo) que proporcionan un traballo excesivo para a súa tramitación.

Con esta medida que agora publicita o Partido Popular está a poñer remedio á involución e inxustiza que provocou a decisión de suprimir a gratuidade universal dos libros de texto, implementada polo bipartito. Pero sobre todo, o que está a facer é poñer parches que non solventan o problema principal da falta de recursos e o dereito das familias á gratuidade á educación obrigatoria.

O Goberno do PP na Xunta de Galiza, despois de 16 anos de despropósitos educativos de distinta índole, debe deixar de enredar e volver a asumir a universalidade da gratuidade de libros de texto, de igual xeito que non conta a renda para a gratuidade das escolas infantís, por exemplo.

Deben planificar financiar na súa totalidade os libros de texto e material escolar que precisa o alumnado mediante fondos solidarios, un sistema que xa demostrou o seu acerto durante o bipartito. Libros gratis en préstamo para todas e todos, xa que o dereito de todas as persoas á educación está consagrado como dereito fundamental no artigo 27.1 da Constitución Española de 1978, que proclama o dereito á educación e a liberdade da ensinanza, pero é no 27.4. onde di textualmente “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta”.



CSV REXISTRO-MXBSPQ-7

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 10:57:32
Nº Rexistro: 25306
Data envío: 12/05/2025 10:57:32.968

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai a Consellería de Educación planificar a implementación dun sistema de Gratuidade Universal de libros de texto para todo o alumnado matriculado en etapas de estudos obrigatorios e habilitar mecanismos para que as familias poidan facer fronte aos gastos do inicio de curso para material escolar, redución do número de libros ou outras opcións?

2.- Vai a Consellería reforzar e mellorar a plataforma do Proxecto Educativo E-Dixgal para que poida ofrecer tanto ao persoal docente, como ao alumnado e as súas familias a formación e información suficiente como apoio e consulta do resto dos materiais educativos utilizados?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 12/05/2025 10:53:09

CSV REXPO-aMxsbPPQ-7
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:37:00
Nº Rexistro: 27726
Data envío: 19/06/2025 16:37:00,840

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita número de expediente **25306 (12/PRE-006943)**, **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 4ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BEVPG-Eiv2gLVY-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 19/06/2025 ás
16:33
Por Cristina Fernández Davila

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 19/06/2025 16:33:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:37:00
Nº Rexistro: 27726
Data envío: 19/06/2025 16:37:00.840

CSV REXPO-EV2fgUY-8
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 16:37:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:37:00
Nº Rexistro: 27726
Data envío: 19/06/2025 16:37:00.840

CSV REXPO-EV2fgUY-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 27969(12/POC-004499)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a situación en que se atopa o expediente para declarar o Globo de San Roque de Betanzos como ben de interese cultural

Publicación iniciativa vía urxencia, 217f2, 03.07.2025



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 11:28:43
Nº Rexistro: 27969
Data envío: 26/06/2025 11:28:43.577

Asinado o día 26/06/2025 ás 11:19
Por María Felisa Rodríguez Carrera

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 4ª, Educación e Cultura** para a súa tramitación **con carácter urgente**

Motivación da urxencia

A urxencia ven motivada coincidencia no ano 2025 coa celebración do 150 aniversario do lanzamento do Globo de San Roque de Betanzos o próximo 16 de agosto e a tramitación do expediente da declaración como BIC.

O Globo de San Roque foi lanzado, por vez primeira, o 16 de agosto de 1875 polo xenial artesán, proxectista, construtor e inventor Claudino Pita, desde o seu Betanzos natal, na provincia da Coruña. Este evento destacou como un dos primeiros intentos de voo na rexión, representando un avance técnico que posteriormente se consolidaría no ámbito mundial cos grandes logros da aviación, a motor, que se fixo realidade a finais de 1903 en Estados Unidos.

O globo non só foi un fito en termos de enxeñería e ciencia, senón que tamén tivo un impacto social, cultural e turístico en Galicia, xa que atraeu a atención de miles de persoas e posicionou a Betanzos como un referente na historia da aviación. Trátase do globo de papel, non tripulado, máis grande do mundo que se confecciona e eleva cada ano de igual xeito que en 1875, tradicional e artesanalmente. A través desta proposta, subliñase a importancia do globo como un símbolo da capacidade de innovación dos galegos e como unha manifestación da creatividade popular, que na súa época foi interpretada como un acto valente, cargado de simbolismo e audacia.

A figura de Claudino Pita eríxese como un referente do enxeño e a valentía na historia de Galicia. O globo constitúe un patrimonio cultural significativo da cidade de Betanzos e de Galicia. Neste ano 2025, o dezaseis de agosto, celébrase o 150 aniversario do histórico lanzamento do Globo de San Roque en Betanzos, un evento que marcou un

Asinado o día 26/06/2025 ás 11:19
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 26/06/2025 ás 11:19
Por Cecilia Vázquez Suárez



fito na historia da aviación e na cultura galega. Foi definido como un espectáculo insólito tanto pola súa antigüidade, polos materiais empregados na súa elaboración, os métodos de traballo, man de obra como a técnica de elevación, e incluso Cunqueiro o comparou coa poesía. É un símbolo, un orgullo, una sinal de identidade e un ben inmaterial emblemático non só para Betanzos senón para Galicia.

Por iso, e en recoñecemento á súa relevancia tanto histórica como cultural, o Padroado do Globo de San Roque como a Corporación municipal acordou por unanimidade a proposta de declaración do Globo de San Roque como Ben de Interese Cultural (BIC), para garantir a súa preservación e promoción como un patrimonio invaluable para as xeracións futuras.

A declaración do Globo de San Roque como Ben de Interese Cultural non só é un recoñecemento merecido a un episodio histórico crucial para Galicia, senón que tamén representa unha oportunidade para reforzar a identidade cultural de Galicia, consolidar o noso legado histórico e fomentar o desenvolvemento do turismo cultural. Con motivo do 150 aniversario do seu lanzamento, esta proposta busca preservar, difundir e dar a coñecer un patrimonio de todos os galegos, converténdoo nun símbolo da tradición innovadora e a audacia de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

- En que situación se atopa o expediente para a declaración do Globo de San Roque de Betanzos como Ben de Interese Cultural?

Santiago de Compostela, 26 de xuño 2025



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 26/06/2025 11:19:33
Rubén Lorenzo Gómez na data 26/06/2025 11:19:55
María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/06/2025 11:20:24
Víctor Baladrón Lamas na data 26/06/2025 11:20:56
José Luis Ferro Iglesias na data 26/06/2025 11:21:15
Julio García Comesaña na data 26/06/2025 11:21:28
Patricia García González na data 26/06/2025 11:21:40
Carmen Pomar Tojo na data 26/06/2025 11:22:03
Raúl Santamaría González na data 26/06/2025 11:22:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 11:28:43
Nº Rexistro: 27969
Data envío: 26/06/2025 11:28:43.577

CSV REXISTRO-T50WEZEW-9
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 11:28:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 11:28:43
Nº Rexistro: 27969
Data envío: 26/06/2025 11:28:43.577

CSV REXPO-T50WE2Ew-9
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 28054(12/POC-004507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego verbo da dotación dos CEIP O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba, de Vilagarcía de Arousa, no referido aos cadros docentes, ao persoal de apoio e á organización escolar

Publicación iniciativa vía urxencia, 217f2, 03.07.2025

Fernández

Por Daniel Castro García

CSV: REVPG-4FQ6De-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:47:46
Nº Rexistro: 28054
Data envío: 01/07/2025 09:47:46.615

Asinado o día 01/07/25
09:46
Por Cristina Fernández

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iria Taibo Corsanego, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, relativa a atender as demandas das comunidades educativas dos CEIPs O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa.

Asinado o día 01/07/2025 ás
09:46
Por Iria Taibo Corsanego

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre a situación dos CEIPs O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As comunidades educativas de diversos centros escolares do Concello de Vilagarcía están mobilizándose diante das decisións que está tomando a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que consideran repercuten de maneira negativa na calidade educativa que reciben as crianzas. En concreto a negativa da Xunta a non realizar desdobres precisos pola superación de ratios ou o mantemento de horarios escolares en función do horario de transporte escolar. Deste xeito temos:

Asinado o día 01/07/2025 ás
09:45
Por María Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:47:46
Nº Rexistro: 28054
Data envío: 01/07/2025 09:47:46.616

No CEIP o Piñeiriño a aula de 4º de Infantil para o vindeiro curso 25/46 conta cunha única liña cando historicamente o centro sempre funcionou con dúas. A aula en cuestión conta con 19 alumnos dos que 3 teñen recoñecidos unha discapacidade maior do 33%, polo que computarían o dobre a nivel de ratio. Se a ratio establecida para infantil é de 20, estaríamos a falar dunha aula de 22 crianzas. Superando o establecido por lei. Polo que é preciso o desdobre, recuperando a segunda liña coa que sempre contou o centro.

Ademais no centro contan cunha aula en 3º de primaria que tamén ten varias crianzas con NEE e precisa de persoal de apoio, polo que a solución tomada este ano non é válida. É preciso que doten ao centro do persoal que por lei lle corresponde.

Dende o ano escolar 2007-08 o CEIP de Rubiáns conta cuns horarios diferentes aos do resto dos centros de ensino público de Vilagarcía: Á súa hora de entrada é as 9.50, o cal provoca que as familias se vexan obrigadas por tema de conciliación a tirar de outras persoas que trasladen aos seus fillos e fillas tanto ao centro escolar coma á parada de autobús. Ademais, debido precisamente ao horario de inicio das aulas, o centro conta unicamente cun Plan Madruga que non cubre o horario que as familias realmente precisan, o cal provoca que o seu uso non sexa moi factíbel impedindo unha conciliación real.

Ao remate das clases, ás 14.50, vólvese dar unha situación indesexábel, xa que as crianzas usuarias do servizo de comedor contan con tan só media hora para comer, a cal todas e todos podemos entender que non é media hora real entre que chegan, colócanse e lles serven o xantar, para logo saír correndo para coller o autobús.

Falamos polo tanto de nenas e nenos que vense obrigados a Xantar nun espazo de tempo de entre 15 e 20 minutos de tempo, establecendo así uns hábitos de



CSV REXPG-6F1Q05De-5

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:47:46
Nº Rexistro: 28054
Data envío: 01/07/2025 09:47:46.616

alimentación nada saudábeis e en contra do establecido e recomendado polos especialistas en nutrición e dietética.

No CEIP A Lomba, segundo a P.X.A. do curso 24/25, o número de alumnos/as escolarizados con necesidades específicas de apoio educativo é de 122. Dos que 90 están en A Lomba e 32 no Anexo. Deste alumnado, 33 teñen unha discapacidade certificada igual ou superior ao 25% (25 en A Lomba e 8 no Anexo). Este cómputo é de setembro do ano 2024 polo que non se recolle alumnado admitido despois desta data, nin novos diagnósticos ou avaliacións de discapacidade realizados durante o curso.

Non ten xustificación que @s representantes da Consellaría manteña a negativa a desdobrar o aula do Edificio A Lomba cando o mesmo CEIP, actualmente en 4º de infantil, conta cunha liña con 20 alumnos neste edificio e outra con só 8 no Anexo. Nesa mesma aula de 18 nenas e nenos, 2 teñen Necesidades Educativas Especiais (N.E.E.) e 4 con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (N.E.A.E.).

Dende o BNG temos claro que o posicionamento da Xunta e a súa negativa deixa claro cales son as prioridades do goberno galego, vinculando os investimentos en educación a criterios económicos como é non realizar desdobres precisos ou non autorizar un incremento do gasto en transporte, mentres que por outra parte subvenciónanse e promóvense centros de educación privados.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

Vai a Xunta atender as demandas das comunidades educativas dos CEIPs O Piñeiriño, Rubiáns e A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:47:46
Nº Rexistro: 28054
Data envío: 01/07/2025 09:47:46.616

Considera a Xunta de Galiza que co cadro de persoal existente nestes centros de ensino do concello de Vilagarcía, o alumnado do mesmo recibe unha asistencia de calidade?

Considera que escolarizar a un neno ou nena con necesidades educativas especiais nun centro ordinario sen apoios, é inclusión ou fomenta a exclusión?

Vai realizar os desdobres que solicitan no CEIP O Piñeiriño e no CEIP A Lomba?

Ten intención de dotar ao CEIP O Piñeiriño do persoal de apoio preciso para atender as necesidades educativas tamén da etapa de primaria, en especial a aula en 3º na que están escolarizadas varias crianzas con necesidades educativas especiais?

Considera a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que suprimindo liñas, parella educativa e con profesorado itinerante garante un ensino de calidade no CEIP A Lomba no concello de Vilagarcía de Arousa?

Ten intención de dotar de máis persoal ao CEIP A Lomba para atender as necesidades especiais e específicas?

Vai eliminar a itinerancia d@s profesionais de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica por outros centros, garantindo que estas especialidades sexan fixas e de dedicación exclusiva a este centro?

Vai a Xunta proceder a modificar o horario lectivo do CEIP de Rubiáns, pasando do horario actual de 9.50 a 15.30h a un horario de 9.15 a 14.15h.?

Vai incluír o horario de 9.45 a 14.15, coma o resto de centros do concello, na nova licitación para a concesión do transporte para este centro?



CSV REXPG-6F1Q05De-5

Verificado

https://seida.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:47:46
Nº Rexistro: 28054
Data envío: 01/07/2025 09:47:46.616

Parécelle razoábel condicionar o horario lectivo ás necesidades da empresa de transporte?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2025

CSV REXPG-6FQ05De-5
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/07/2025 9:45:55

Iria Taibo Corsanego na data 01/07/2025 9:46:07

Cristina Fernández Davila na data 01/07/2025 9:46:16

Mercedes Queixas Zas na data 01/07/2025 9:46:25

Daniel Castro García na data 01/07/2025 9:46:46

Secundino Fernández Fernández na data 01/07/2025 9:47:00

Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2025 9:47:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:47:46
Nº Rexistro: 28054
Data envío: 01/07/2025 09:47:46.616

CSV REXPG-6F1Q85De-5
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/07/2025 9:47:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:47:46
Nº Rexistro: 28054
Data envío: 01/07/2025 09:47:46.616

CSV REXPG-6F1Q8E-5
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

